


# PROPOSTAS DE ACCIÓN PARA TER EN CONTA A PERSPECTIVA FEMINISTA NO URBANISMO DE PONTEAREAS

---

Suxestións recompiladas  
polo persoal técnico  
do CIM de Ponteareas

**P**ONTEAREAS  
CONCELLO



Este recurso reúne propostas das urbanistas feministas [Jane Jacobs](#), [Oihane Ruíz](#) e os colectivos [Dunak Taldea](#) e [Col·lectiu Punt 6](#).

Esta guía de traballo é unha das accións do [V Plan de Igualdade Local de Oportunidades entre Mulleres e Homes do Concello de Ponteareas](#). Está pensado como un punto de apoio para indagar en fórmulas inclusivas e diversas que procuren situar [as vidas no centro](#) do deseño e da organización urbana de Ponteareas.

O documento está elaborado cunha licenza creative commons que permite o seu uso e distribución libre recoñecendo a autoría e prohíbe utilizalo con fins económicos.

# POR QUE?

Ningún ámbito das nosas vidas é alleo ao sistema social patriarcal no que se desenvolve. É dicir, a un enfoque parcial e interesado da realidade, aínda que ás veces nos custe detectalo.

A forma e o contido dos espazos tamén contribúen a reproducir os valores androcéntricos na nosa cultura, polo xeral, os dun home adulto, occidental, traballador, sen ningunha diversidade física, psíquica ou sensorial e motorizado. Como unha estratexia para mellorar os lugares nos que vivimos e facelos máis habitable para todas as persoas -diversas e complexas- o urbanismo cun enfoque feminista propón situar a vida das persoas no centro da planificación e da organización urbana.

## O urbanismo non é neutro

[Procura atender o ourbanismo de Pontearreas ás necesidades de todas as personas que están na vila?](#)

Para levar a cabo esta transformación do paradigma é preciso atender aos roles de xénero e como estes afectan aos espazos mais tamén a outros trazos identitarios, como a idade, a orixe, a identidade e a orientación sexual, os diversos tipos de unidade de convivencia, a clase social ou a diversidade funcional, entre outras, e como se mesturan entre si. As máis próximas ao modelo normativo serán privilexiadas nos espazos e as que se alonxan do canon son menos visibles e menos tidas en conta no deseño das nosas vilas.

Os pobos e vilas cambian e todas as per-



soa que as habitamos temos a necesidade e o dereito de transformalas nos lugares en que desexamos vivir.

Por tanto, existe unha vontade comunitaria para integrar este cambio nas accións urbanísticas mais tamén un mandato legal que se recolle no artigo 31 da LO 3/2007: «As Administracións públicas terán en conta no deseño da cidade, nas políticas urbanas, na definición e execución do plan urbanístico, a perspectiva de xénero, utilizando para iso, especialmente, mecanismos e instrumentos que fomenten e favorezan a participación cidadá e a transparencia».

A incorporación da perspectiva feminsita no urbanismo vén aumentando nos últimos anos e permítenos recompilar **boas prácticas e suxestións a ter en conta** para integrar as diferentes circunstancias das persoas que fan vida en Pontearreas.

- Unha das estratexias máis rendibles é activar **fórmulas accesibles de participación comunitaria**. Esta ferramenta permite incluír as experiencias das persoas diversas nos proxectos. A participación facilita que a cidadanía sexa suxeito activo e responsable dos lugares que habita. No caso das mulleres e outras identidades non normativas é especialmente interesante para corrir as situacións de desvantaxe tradicional que as alonxan das posicións de poder e de toma de decisións.

- Ter en conta **as necesidades da vida cotiá**, máis alá das lóxicas produtivas, favorecendo que existan espazos que permiten os coidados desde unha perspectiva integral, fomentando lugares para relacionarse que facilitan as prácticas de axuda mútua e crean e cohesionan as comunidades.

Isto pasa por desbotar da planificación a segregación de usos, que limita as posibilidades dos espazos públicos a habitar, circular, traballar e recrearse, obviamente insuficientes para a reprodución da vida en condicións saudables. Introducir modificacións flexibles e reversibles facilita adaptarse ás necesidades cambiantes da poboación.

- Dar **prioridade ás tarefas de coidado**, un ámbito feminizado e presente no espazo público aínda que non se lle dea visibilidade. Fonte á supremacía da mobilidade liñal que pensa os traxectos unicamente do traballo á casa, as tarefas de coidado teñen múltiples paradas, non só un punto de saída e outro de chegada, e poden variar dun día a outro.

Pode ser útil pensar a pequena escala, con zonas coordinadas e vinculadas entre si mesturando os usos para facilitar as actividades de quen non vive no centro e tratar de acortar os desprazamentos. Habilitar centros en diferentes espazos pode ser unha alternativa que facilite o labor de quen realiza os traballos que sosteñen a vida.

- É importante **recuperar a memoria completa das nosas comunidades** utilizando nomes de mulleres, de colectivos feminos ou de aspectos relacionados coa historia e os saberes tradicionalmente asociados ás mulleres para nomear espazos públicos.

Recoñecer as achegas das mulleres e a súa presenza e participación permítenos corrir unha tradición nesgada e parcial que as oculta, igual que a outros colectivos minoritarios ou minorizados. Actividades como os roteiros participados, seguindo a liña de traballo de Jane Jacobs, son ricas fontes de información para coñecer as nosas vilas desde un punto de vista inclusivo e diverso que ofrece alternativas ao androcentrismo.

# NON HAI UNHA ÚNICA FORMA DE FACER. NON EXISTEN AS FÓRMULAS MÁXICAS.

- Procurar **favorecer a autonomía de todas as persoas**. Esta cuestión ten que ver coa accesibilidade e coa percepción de seguridade de que podemos utilizar os diferentes espazos de forma segura, libre e a calquera hora do día. Coidar de **non revitimizar ás mulleres** reproducindo o discurso de que o espazo público é inseguro. O tratamento da seguridade no urbanismo precisa ter un **enfoque interseccional**. Alén de que as violencias machistas teñen lugar sobre todo no entorno privado da man de persoas coñecidas, hai outros factores que inflúen na nosa percepción da seguridade nas rúas e que deben estar presentes nas decisións urbanísticas.  
Construir espazos urbanos que faciliten a vida comunitaria, con zonas ben equipadas e sinalizadas, aumento da visibilidade, eliminación de barreiras arquitectónicas -físicas e simbólicas- ou instalar aseos públicos pensando nas persoas trans son accións concretas que permiten que persoas de circunstancias ou condicións diversas se sintan a gusto nas rúas das vilas que habitan.
- A **nivel institucional**, e de forma voluntaria, pódese establecer a práctica de incluír **Informes de Impacto de Xénero** como unha medida clara de compromiso coa igualdade de oportunidades e de trato. Este recurso permite analizar o punto de partida de homes e mulleres e se as decisións poden afectar de forma diferencial a persoas ou colectivos concretos. A perspectiva feminista no urbanismo cambia a prioridade do masculino pola igualdade, a exclusión xerárquica pola acollida das diferenzas, corrixe situacións de desigualdade efectiva patentes no espazo público e potencia a colectividade e a pluralidade fronte ao individualismo.

**NON PODEMOS SEGUIR  
A DAR PRIORIDADE A  
UN SÓ PUNTO DE VISTA  
NO DESEÑO URBANO.**







2020